

TEMA 1. Estereotipos e prexuízos lingüísticos: a súa repercusión nos usos.

Sabemos que a convivencia no noso territorio das dúas linguas oficiais non é de **bilingüismo harmónico** pois non é equilibrada. Dicimos entón que hai **diglosia** pois prodúcese unha relación de desequilibrio entre as dúas linguas en contacto (a lingua A, **hexemónica**, é usada para as funcións formais ou importantes como as políticas, educativas, culturais, relixiosas e a lingua , **minorizada**, úsase nas relacións persoais e en usos coloquiais). En Galiza na actualidade maniféstase en forma de diglosia cruzada, pois o noso idioma tamén está presente en espazos públicos e prestixiosos (televisión, política, cultura...). A consecuencia natural dunha sociedade diglósica é unha situación de **conflito lingüístico**, centrado basicamente nos falantes da lingua menos prestixiada, minorizada (o galego, na nosa sociedade), que non poden desenvolver a súa vida plenamente con normalidade desde o punto de vista lingüístico, ao vérense necesariamente obrigados a desenvolverse na lingua hexemónica en determinados campos (mundo xudicial, relacións coa Administración central, cinema, informática, etc.). Por outro lado, o conflito leva implícito unha evidente marca de desvalorización social da lingua minorizada que a leva a sufrir o perigo da substitución lingüística e a conseguinte desaparición. A ese proceso de minusvaloración contribúen os estereotipos e prexuízos.

Os **estereotipos** son visións simplificadas e reducidas (e por tanto inexactas) dunha realidade. As visións estereotipadas están na base dos **prexuízos** (xuízos previos) que logo se teñen sobre esas realidades, sexan persoas, cousas ou ideas. Son estereotipos sociais ou culturais, por exemplo, que os cataláns son tacaños, os andaluces alegres, os alemáns organizados, os musulmáns intolerantes, a pintura abstracta unha estafa, a música clásica do século XX insufrible, etc.

Os estereotipos tamén se dan en relación coas linguas. Son **estereotipos lingüísticos** as opinións ou consideracións simples (e falsas) sobre as linguas e os seus falantes que non se sustentan en feitos obxectivos porque non se teñen os datos adecuados. Esas opinións, sostidas ao longo do tempo, acaban confor- mando ideas erróneas que se van transmitindo ata acabar sendo aceptadas como verdades. Non están sometidas a estereotipos aquelas linguas que funcionan normalmente nas sociedades (sen problemas de minorización ou de competencia con outra lingua dominante), pero si están sometidas a estereotipos aquelas linguas que historicamente sufriron algún tipo de minorización ou desconsideración por parte das capas dominantes da sociedade. Dito doutra maneira, en situacións de **diglosia** normalmente aplícanse uns estereotipos á lingua minorizada ou lingua B, que contribúen a formar **prexuízos negativos** sobre ela.

A lingua galega, lingua minorizada desde hai séculos, padeceu e padece estereotipos ou ideas inexactas sobre ela que contribúen a fixar o prexuízo de que o galego está a un "nivel inferior" do castelán e de que esta é unha lingua "superior" ao galego. Esa marxinação histórica da nos lingua (arranca desde finais da Idade Media e continuou ao longo dos Séculos Escuros e posteriormente) provoucou que se asentase en amplas capas da sociedade un complexo de inferioridade que denominamos **autoodio**, caracterizado polo rexeitamento e minusvaloración dos propios sinais da nosa identidade. Velaí a raíz dos nosos estereotipos e prexuízos e valoracións negativas. Aos que levan máis tempo connosco, máis consolidados, identificámoslos como **vellos estereotipos** sobre a nosa lingua e que a realidade e o pensamento científico e racional se foi encargando de refutar ou desterrar (en cursiva os argumentos) Son estes:

- **De tipo estético:** É unha lingua bruta, áspera (aínda que, curiosamente, tamén o contrario: é unha lingua doce); a gheada e o seseo soan mal; os chistes en galego son máis graciosos; eu falo castrapo

+Non hai linguas que soen ben ou mal. Como moito hai falantes que nos poden soar ben ou mal e aínda así é opinable. A gheada ou o seseo son un trazos dialectais como calquera dos que teñen todas as linguas do mundo

- **De tipo socio-económico:** O galego é lingua de pobres; o galego é lingua de aldeáns; é unha lingua que só se emprega no ámbito rural; pouco útil no mundo laboral; é unha lingua que nos illa do exterior; é unha perda de tempo, se todos falásemos inglés, ... Sempre parece que se prioriza o concepto pragmático de utilidade, de producir un beneficio (co galego non se vai a ningunha parte, o galego non serve fóra de Galicia, o galego para que me vale en Madrid, o galego non me serve para atopar un traballo, ...)..

+Hai persoas que viven na aldea cun nivel económico alto e hai persoas que falan galego cun nivel cultural alto. Aprender nunca é unha perda de tempo. Tampouco o noruegués serve fóra de Noruega e non por iso os noruegueses deixan de falar o seu idioma. Hai empresarios que dirixen as súas empresas sen renegaren do Galego (Deleite, Daveiga, Caixa Rural, Eroski... e hai pobres que sempre falaron castelán. Persoas ricas e de clases medias e altas falan galego habitualmente e con corrección; no mundo do turismo e do traballo globalizado o galego facilita o contacto coas empresas portuguesas e brasileiras e non pecha ningunha porta, ábreas á lusofonía.

- **De tipo cultural:** É unha lingua de xente inculta, pouco formada; e non ten gramáticas e dicionarios de uso; é unha lingua non apta para a vida e as ideas modernas (filosofía, medicina, economía, informática, xadrez, música, etc.); o emprego do galego como sinal de descortesía en certos contextos, por exemplo, con persoas descoñecidas, con foráneas, ou contestar en galego cando che falan castelán.

+ *O galego é unha lingua na que se pode falar e escribir (e fálase e escríbese) de calquera tema e en calquera contexto (universidades, libros de texto, enciclopedias, programas de radio, televisión, internet, etc.) e ten magníficas gramáticas e dicionarios de uso. É normal que os galegos pensemos que nos temos que adaptar aos costumes e á lingua propias doutro país ao que vaíamos. Pero non é normal que pensemos que debemos ser nós os que debemos adaptarnos á lingua das persoas foráneas castelanfalantes que viven na nosa comunidade e non fan ningún esforzo por aprenderen a nosa lingua. Con frecuencia, ademais, a pretendida falta de comprensión do galego é máis un problema de actitude que un problema real de comunicación, dado a gran parecido existente entre galego e castelán. Máis que unha descortesía do galegofalante, estamos ante unha falta de respecto pola lingua autóctona que pode facer que en ocasións un galego se poida sentir estranxeiro na súa propia terra ao ser recriminado por empregar a súa propia lingua no seu propio país*

Pero desaparecidos os vellos estereotipos, os sectores sociais contrarios á normalización da lingua galega crean **novos estereotipos**, invéntanos para poder manter en pé prexuizos negativos respecto a ela pois entenden que a situación do castelán é a natural, a normal e que calquera actuación para potenciar o galego atenta, ameaza ou agride esa orde "normal". Entre os que se propalaron nos últimos anos están:

- Só os profesores, os nacionalistas, os lusistas e os radicais falan galego nas cidades. (*E non é así: o imparable intercambio de poboación entre o rural e as vilas e as cidades, protagonizado por xentes de todo tipo e ideoloxía, desmenten isto*).
- O galego estándar é unha lingua artificial que se afasta da lingua popular, que é a auténtica. Nunca oíches aquilo de "Este nótese ben que non falou galego de pequeno/ que non "mamou" o galego"? ou Eu, para falar mal galego, prefiro non falalo (*Todas as variantes estándar, de calquera lingua do mundo, son artificiais: foron decididas por académicos e sempre terán diferenzas respecto á lingua oral de cada falante. Ante a xente que desconfía da súa competencia lingüística, lembrarilles que falar unha lingua é un hábito e como tal é unha conduta que cómpre paciencia para modificar; en calquera caso, xa sabes, o único galego mal falado é o que non se fala*)
- O galego está a ser imposto por unha minoría, por exemplo no ámbito educativo. (*E é exactamete ao revés; neste ámbito, no que a lei prevé un equilibrio no uso de galego e castelán como linguas vehiculares, os últimos datos demostran que se fai un uso moito maior do castelán nas vilas e cidades, sobre todo nos primeiros anos de ensinanza e nos centros concertados e privados. Non resulta paradoxal "impoñer" un idioma no seu territorio propio? As leis aprobadas por unanimidade no Parlamento de Galicia (Lei de Normalización Lingüística de 1983 ou o Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega de 2004) non son leis impostas por unha minoría política*).

Está claro que a propagación insistente e interesada destes estereotipos, destas falsas crenzas, ten **repercusións nos usos da lingua** por iso un dos **obxectivos da normalización é superalos xa que lastran o acceso de novos falantes**. Con tanta insistencia e propaganda, non poucas persoas acaban por aceptalos como reais e tamén pasan a adoptar os prexuizos negativos sobre o galego. **Isto pode movelas a abandonar o uso da lingua galega (se son galegofalantes) ou a non colaborar na súa recuperación ou normalización**. (Por exemplo, pais galegofalantes poden dirixirse aos seus fillos en castelán porque consideran que o galego lles pecha portas á hora de estudar e de buscar traballo). Nalgúns casos poden chegar mesmo a desprezar a súa lingua. **En definitiva, estes estereotipos, estas falsas crenzas, serven para manter viva a situación de diglosia, para continuar co proceso de substitución lingüística entre os sectores interesados e para frear os intentos normalizadores**. Por medio dos prexuizos o galego convértese así nunha lingua marcada social e ideoloxicamente, xa que o seu emprego funciona como indicador dunha procedencia determinada (ser da aldea), dunha opción ideolóxica e política concreta (ser do BNG) ou mesmo dunha profesión : se falas galego na cidade, ou es do bloque, ou vés da aldea ou es profe de galego. Fronte a isto o castelán é a lingua neutra, que non estigmatiza aos individuos socialmente.

En definitiva, a superación destes prexuizos é importante para acadar unha boa actitude lingüística, pero ás veces non é suficiente, xa que existen outros factores determinantes do uso lingüístico como:

- O hábito de levar toda a vida falando unha lingua dificulta o seu cambio por outra.
- A competencia e o nivel de coñecemento da lingua B soe ser inferior ao da lingua A.
- O contorno urbano favorece maioritariamente o castelán.
- A influencia dos grupos de pertenza determina a lingua de integración

En fin, xisten dous xeitos diferentes de actuar contra os prexuizos: ou aceptalos e distanciarse do grupo para non ser discriminados ou loitar por desterrar eses prexuizos e amosar orgullo por posuír unha lingua propia que é o maior sinal de identidade dun pobo. Para iso debemos utilizar a lingua en calquera situación.